

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 18 DE MAIO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día dezaioito de maio de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, don Manuel Rivas Caridad.

Asiste dona Verónica María Otero López, secretaria accidental.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 18 de maio de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201805181100230000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Comparecencia do alcalde de Cambre, don Óscar García Patiño, para dar as debidas explicacións aos solicitantes e ao resto da Corporación municipal respecto da elección do “Proxecto de execución de muro de contención e beirarrúas DP-1704 Cambre a Carral PK+670 – PK+820”

Acceso á videoacta: Minuto 00:01:26

Visto o escrito de data 4 de maio de 2018, rexistrado de entrada ao núm. 999/195, presentado polos concelleiros que a continuación se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan M^a Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, todos eles integrantes do grupo municipal do PP, no que se solicita, entre outras cuestións, a comparecencia do alcalde de Cambre, don Óscar García Patiño, en relación co asunto de referencia.

De acordo co disposto no artigo 126.3 do Regulamento orgánico municipal, sométese a votación ordinaria a comparecencia. Votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga

Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo), e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a comparecencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño.

Acceso á videoacta: Minuto 00:14:45 – Faise constar que se ausenta da sesión don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON.

2. Comparecencia do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, don Daniel Carballada Rodríguez, para dar as debidas explicacións aos solicitantes e ao resto da Corporación municipal respecto da actividade “Noutrora”

Acceso á videoacta: Minuto 01:00:58

Visto o escrito de data 4 de maio de 2018, rexistrado de entrada ao núm. 999/195, presentado polos concelleiros que a continuación se relacionan: don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan M^a Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, todos eles integrantes do grupo municipal do PP, no que se solicita, entre outras cuestións, a comparecencia do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, don Daniel Carballada Rodríguez, en relación co asunto de referencia.

De acordo co disposto no artigo 126.3 do Regulamento orgánico municipal, sométese a votación ordinaria a comparecencia. Votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), a concelleira presente de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo), e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a comparecencia do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, don Daniel Carballada Rodríguez.

Acceso á videoacta: Minuto 01:08:42 – Faise constar que se ausenta da sesión dona Josefa Vázquez Soto, concelleira do PSdeG-PSOE.

Acceso á videoacta: Minuto 01:29:35 – Faise constar que se ausenta da sesión dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP.

Acceso á videoacta: Minuto 01:48:28 – Faise constar que se ausenta da sesión don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Acceso á videoacta: Minuto 02:01:00 – Faise constar que se ausenta temporalmente da sesión o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, pasando a presidir a sesión don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, primeiro tenente de alcalde. Transcorridos tres minutos reincorpórase á presidencia o señor alcalde.



E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as quince horas e vinte e cinco minutos minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López